

ANEXO II

MEMORIA TÉCNICA DO PROGRAMA

Achegarase un arquivo en formato pdf e asinado electronicamente coas seguintes características:

- Máximo de 15 páxinas
- Marxes de 2 cm
- Letra Arial, tamaño 11
- Interliñado sinxelo

APARTADOS:

- 1.** Denominación do programa
- 2.** Cronograma detallado das datas e horario previstos , clarificando a dispoñibilidade cara as persoas usuarias.
- 3.** Número de persoas beneficiarias potenciais ou persoas beneficiarias na convocatoria anterior.
- 4.** Pertinencia do programa xustificando a necesidade do programa para a poboación diana nese contexto dado, aportando datos para fundamentalo (argumentación, referencias bibliográficas, citas, relación coas liñas estratéxicas do Servizo Galego de Saúde, OMS...)
- 5.** Descrición dos criterios de inclusión no programa: Descrición detallada dos colectivos incluídos tendo en conta as seguintes dimensións: equidade (ofrecendo igual atención a igual necesidade) e accesibilidade (reducindo barreiras xeográficas, tempos de resposta ou de espera).
- 6.** Obxectivos xerais e específicos definidos para o programa
- 7.** Proposta metodolóxica para o desenvolvemento do programa: descrición das fases do proceso do traballo para a consecución dos obxectivos.
- 8.** Adecuación de indicadores de proceso e resultado definidos para a avaliación do programa
- 9.** Descrición dos aspectos de calidade do programa: modalidades de intervención centrada na persoa, sistemas de medición da calidade funcional (forma na que se presta o tratamento), existencia dun sistema organizativo de xestión propio, que confirme o control de procesos e de mellora continua na intervención.
- 10.** Innovación. Indicarase a cobertura de necesidades emerxentes non cubertas (que aporten solucións eficaces e adaptativas á evolución da enfermidade ou problemática dada) ou cando incorporen novas tecnoloxías (que engadan de calidade na atención co mesmo custo).